

MONOS

Alejandro Landes, 2019

642

ESTREA EN NUMAX: 21.02.2020 | V.O. | +16

Monos (2019, 102')

Dirección: Alejandro Landes

Guión: Alexis Dos Santos, Alejandro Landes

Elenco: Julianne Nicholson, Moises Arias, Jorge Román, Sofia Buenaventura, Laura Castrillón, Sneider Castro

Son: Lena Esquenazi

Fotografía: Jasper Wolf

Montaxe: Ted Guard, Yorgos Mavropsaridis, Santiago Otheguy

Dirección de arte: Angela Leyton

Vestuario: Johanna Buendía, Daniela Schneider

Música: Mica Levi

Produtora: Bizibi, Scope Pictures (Francia) Franja Nomo, Campo Cine, Film I Väst, Le Pacte, Lemming Film, Mutante Cine, Pandora Film, Snowglobe Films (Colombia-Arentina-Uruguai-Países Baixos-Alemaña-Suecia)

Distribuidora: Bteam

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2019 (Premio Especial do Xurado), Berlinale 2019 (Sección Oficial), Donostia 2019 (Premio Sebastiane)

FILMOGRAFÍA

Porfirio, 2011

Cocalero, 2007

SINOPSE

No cumio dunha imponente montaña, onde o que a primeira vista parece un campamento de verán, oito nenos guerrilleiros alcumados *Os Monos* conviven baixo a atenta mirada dun sarxento paramilitar. A súa única misión é clara: coidar a doutora, (Julianne Nicholson), unha muller americana á que tomaron como refén. Cando esta misión comeza a perigar, a confianza entre eles ponse en dúbida.

«Hipnótico, único.
Unha nova e poderosa
voz chegou ao cinema»

Guillermo del Toro



Nota do director

En Iberoamérica, a palabra mono ten moitos significados: poder ser guapo, simio ou loiro, entre tantas outras cousas. Porén, o título do noso filme, *Monos*, vén da súa raíz grega: un, só, único. Semella unha decisión estraña cando o protagonista da nosa historia non é un senón un grupo de mozos rebeldes na retagarda dunha guerra, coa misión de custodiar unha refén ou unha vaca de leite.

Con todo, a maior fonte de tensión no filme é xustamente o choque entre o individuo e a asociación, onde coexiste o desexo de pertencer, de partillar, de ser amado, coa vontade voraz do poder. Somos unha especie social, por tanto política, e *Monos* é un filme político pero non desde o ideolóxico. Aquí non hai datas, nin partidos, nin apelidos. Atopámonos antes a brétema dunha guerra onde non está claro que significa gañar. É natural que o noso espectador se pregunte, estamos no paraíso ou no inferno, no futuro ou no pasado, cun exército de esquerdas ou de dereitas, cos secuestrados ou cos secuestradores, cun home ou cunha muller?

Vivimos nun mundo cada vez máis polarizado, que moitos tentan dividir con perigosa sinxeleza entre o ben e o mal, pero a nosa historia procura o contrario: rexeita calquera concepción binaria da

vida e convidanos a explorar os tantos tons de gris que poidamos ver no espello, dentro e fóra de Colombia. Estas ideas non serían máis ca iso, ideas, sen as almas xemelgas que as encarnan en pantalla. Para crear a mini-sociedade que existe no filme, percorremos infinitas rúas, campos e colexios por todo o país. Ao remate, dos 80 monos que coñecemos, convidamos a 20 a unha caste de campamento básico na alta montaña: aló, nas montañas, faciamos exercicios de actuación e improvisación e polas tardes adestramento físico baixo a supervisión dun diminuto ex-guerrilleiro, que se mostrou tan valioso que rematou tendo un papel diante da cámara. Tamén sumamos dous actores de Hollywood, os únicos figurantes profesionais.

A primeira metade da rodaxe comezou, como o filme, por riba das nubes, nun páramo xélido e impredecíbel a miles de mestros de altura, con pouco osíxeno, entre as ruínas dunha mina clausurada. Para a segunda parte baixamos á profundidade dun canón selvático habitado unicamente por dúas familias que viven da minaría ilegal de ouro. Coa súa axuda, o equipo nacional de kayak e unha tropa de mulas puidemos vivir e filmar nas beiras dun río salvaxe.

Durante as case 9 semanas de produción en localizacións extremas, o equipo abandonou calquera conexión co mundo. Non había móbiles, nin auga quente, nin casa, nin familia. O habitual é que non houbese luz. Chegamos aos nosos límites, choramos todos moito. Amámonos, odiámonos, toleamos e fomos testemuñas do mellor e o peor

de cada unha de nós. Dou as grazas a todos os que fixemos esta viaxe pois a riqueza do proceso foi tan importante como o guión para o *Monos* que chegou á pantalla.

Publicado en <http://bteampictures.es>

Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Alejandro Landes (São Paulo, 1980) é un director e guionista colombiano iniciado no campo do xornalismo. Debuta no cinema con *Cocalero*, documental sobre o cultivo de coca boliviana e a campaña electoral que levou a Evo Morales ao poder. En 2010 foi seleccionado para unha residencia na Cinéfondation de Cannes onde desenvolveu a súa primeira ficción: *Porfirio*. O filme estreouse na Quincena dos Realizadores do festival francés. A aclamación internacional chégalle en 2019 con *Monos*, seleccionada no Panorama da Berlinale e premiada en Sundance entre outros moitos festivais.

NA LIBRARÍA NUMAX

El corazón de las tinieblas, Joseph Conrad
RBA, 2015

El señor de las moscas, Harry Hook
Metro Goldwyn Mayer [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondennumax